

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN MATERIA DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O EMPADROAMENTO. EXERCICIO 2025

1. Bases reguladoras

As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza específica para a concesión de subvencións en materia de AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E O EMPADROAMENTO, aprobada o día 28.07.2010 e publicada no BOPPO de Núm. 194, do día 07.10.2020, e as súas posteriores modificacións, publicadas no BOPPO Núm. 102 de data 30.05.25 e no BOPPO Núm. 165 de data 01.09.25, e na páxina web. do Concello.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrência competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas seguindo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria. Adxudicaranse, co límite fixado no seguinte punto, aquelas que obteñan unha maior valoración en aplicación dos citados criterios.

2. Créditos orzamentarios

A aplicación orzamentaria á que se lle imputa a subvención é a seguinte 231.480, e a contía total máxima das subvencións convocadas é de 13.000,00 euros.

3. Obxecto, condicións e finalidade da subvención

A subvención ten por finalidade o fomento da natalidade e o empadroamento no Concello.

O importe da subvención non poderá superar os 1.000,00 euros por fillo nado ou adoptado no período correspondente entre o 01/01/2024 ao 31/12/2024. No caso de partos múltiples, terase dereito a obter un 40% adicional por un segundo, e un 20% por seguintes fillos.

A axuda consistirá na entrega de 1.000 euros que se entregarán no ano de concesión da subvención.

4. Requisitos dos solicitantes

Serán beneficiarios da subvención os proxenitores ou adóptante de menores con residencia fixada no Concello da Lama, no que debe estar empadroado con 12 meses de antelación ininterrompidos, como mínimo, ó feito que motiva a petición da axuda.

Ademais, para poder obter a condición de beneficiarios, un dos dous proxenitores deberá cumprir as obrigas que se recollen na presente Convocatoria.



5. Órgano competente para a instrución e resolución

O órgano competente para a instrución do expediente é a Alcaldía.

O órgano competente para resolver será o Pleno.

6. Prazo de presentación de solicitudes e documentación

A solicitude irá subscrita por un dos proxenitores ou adóptante e formularase no modelo que figura como anexo desta convocatoria. Dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello e presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A solicitude da axuda presentarase durante os meses de setembro e outubro de cada ano polos nacementos ou adopcións que tivesen lugar no ano natural anterior.

Deberanse achegar á solicitude os seguintes documentos:

- Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, de ser o caso, a representación de quen asine a solicitude (copia da escritura de constitución ou modificación, copia da acta fundacional e estatutos, copia do DNI, etc.).
- Certificado de nacemento do recen nacido expedido polo Rexistro Civil correspondente no caso de nacementos.
- Resolución Xudicial no caso de adopcións.
- Certificado de empadramento do beneficiario que acredite a residencia efectiva no Municipio durante polo menos os últimos 12 meses de forma ininterrompida, así como de convivencia do beneficiario co recen nacido ou co adoptado.
- Certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como das obrigas de calquera tipo co Concello (Facenda do Estado, Facenda da Xunta de Galicia e Tesourería da Seguridade Social).
- Certificado de conta bancaria (IBAN).



7. Prazo de resolución e notificación

O prazo de resolución e de notificación será de tres meses.

O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención, tal e como establece o punto 5 do artigo 23 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Reformulación das solicitudes

Non está previsto nas bases reguladoras contidas na Ordenanza.

9. Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición ante o Pleno deste concello, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación, conforme o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

10. Criterios de valoración de solicitudes

Os criterios para a asignación das subvencións serán os establecidos nas bases reguladoras contidas na Ordenanza.

11. Medios de notificación ou publicación

As notificacións practicaranse no lugar e polo medio que o solicitante faga constar para tal efecto na solicitude, tendo en conta o establecido para estes efectos no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Lama, na data que figura á marxe.

O ALCALDE

David Carrera Cal

